

DOMINGO 9 DE XUÑO 2019

SERRA DO XURÉS AS ESPECIES DOS GRANDES TERRITORIOS

**ROTEIROS
ADEGA LUGO
2018 - 2019**

FAUNA D'AQUÍ

O Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, xunto co contiguo Parque Nacional Peneda Gerês, conforma unha unidade de 100.000 ha de espazo protexido no que se solapan distintas figuras de protección (Reserva Transfronteiriza da Biosfera, ZEC, ZEPA).

Na Serra do Xurés a peculiar xeoloxía, xeomorfoloxía e clima contribuíron a conformar o hábitat de especies de flora e fauna únicas ou que teñen nestas inaccesíbeis serras o seu último refuxio.

Entre os penedíos da serra, armerias e lirios comparten espazo con especies que precisan grandes territorios como a reintroducida cabra montesa, a aguia real ou o lobo nun fráxil equilibrio ao xeito dos bolos graníticos que conforman as pedras cabaleiras.

Achegarémonos ao corazón da serra, até o foxo do lobo de Guende, nunha ruta que nos permitirá contemplar os profundos vales e abruptos cumios da Serra do Xurés e o contraste cos planaltos do Leboreiro e a Mourela.

Á tarde, coñeceremos o val do Río Caldo, nun treito da Via Nova, que leva aí máis de dous mil anos para ser percorrida. Remataremos o percorrido cun baño de auga quente ou fría, a escoller.

Dificultade: Media

Duración dos percorridos: Mañá, 6 Km (2h)

Tarde, 6.5 Km (3h 30 min)

Colaboran: Alberto Gil "Toupa" e PN da Baixa Limia - Serra do Xurés.

Reserva praza: Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>

Teléfonos: 982.240.299 / 679 721 687

Saída: Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 8:00h.

Prezos: Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudiantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.

O pago deberá efectuarse con antelación e por transferencia bancaria.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, xoves 6 de xuño, ás 14:00h.



+info:

<http://roteirosadegalugo.wordpress.com>

ou

<http://adega.gal>

